

BASES PARA A MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL FIXO DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA.

As presentes bases de mobilidade interna voluntaria son negociadas entre a Dirección do Complexo Hospitalario e a Comisión de Centro, de acordo cos criterios reitores establecidos pola Mesa Sectorial na reunión do 23 de decembro de 2009.

1º.- Ámbito de aplicación:

Estas bases regulan nos seus termos a convocatoria de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do Complexo Hospitalario de Pontevedra das categorías de persoal sanitario e de xestión e servizos para a adxudicación dos destinos solicitados voluntariamente nas prazas básicas do centro.

Poderá participar o persoal funcionario e laboral fixo das categorías asimiladas que cumpran os requisitos esixidos, incardinando plenamente a prestación dos seus servizos na organización do servizo ou unidade.

2º.- Requisitos para participar na convocatoria de mobilidade interna

1. Poderá participar na convocatoria de mobilidade interna o persoal que reúna os seguintes requisitos:

- a) Ter acadado a condición de persoal fixo con destino definitivo no complexo hospitalario na correspondente categoría, cando menos, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de mobilidade.

- b) Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría, de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no centro correspondente

2. Non poderán participar na convocatoria de mobilidade interna:

- a) O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo en comisión de servizos, procedente doutra institución
- b) O persoal do propio centro que se encontre en comisión de servizos de carácter voluntario noutra institución
- c) O persoal en situación de reingreso provisional

3º Convocatoria

A convocatoria de cada proceso de mobilidade será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de área.

A mobilidade interna ordinaria convocarase cunha periodicidade bienal, a través de resolución do xerente xeral do complexo, previa negociación na comisión de centro ou xunta de área e sen prexuízo do establecido na disposición transitoria destas bases.

A citada convocatoria publicarse nos taboleiros de anuncios do complexo e na intranet e contará co seguinte contido mínimo:

- a) as bases da convocatoria .
- b) a relación de todos os postos de que se poden solicitar en cada categoría profesional. Dita relación será aprobada na comisión de centro
- c) o modelo de solicitude.

Á convocatoria daráselle publicidade asemade, cun anuncio indicativo previo no Diario Oficial de Galicia.

O concurso de mobilidade interna incluirá, con carácter xeral todos os postos vacantes de mobilidade interna existentes no centro en cada categoría.

Experiencia e formación adicional:

A convocatoria recolle, de acordo co previsto no apartado 4 da base terceira do acordo da mesa sectorial de 23 de decembro de 2009, puntuación adicional

para a experiencia e a formación relacionadas co específico ámbito funcional a para os postos de traballo das áreas específicas recollidas no pacto de selección de persoal temporal .

4º.- Solicitudes

A solicitude de participación na mobilidade interna deberá presentarse no rexistro do centro *no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte da publicación* do anuncio indicativo no *DOG*.

Cada aspirante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente ó modelo que será facilitado para tal efecto.

Xuntaranse á solicitude os documentos que acrediten os méritos alegados polas persoas aspirantes. Non se terán en conta os méritos non aducidos ou aqueles nos que non se xunte a pertinente documentación acreditativa. A antigüidade nas institucións sanitarias públicas acreditaranse mediante a presentación da certificación dos servizos prestados, expedida polos órganos competentes do centro ou institución na/s que se teña/n prestado servizos. Exceptúase da obriga de presentación como mérito o certificado de servizos desenvolvidos no ámbito do complexo hospitalario.

O persoal que queira solicitar postos convocados como área específica debера facelo constar expresamente na solicitude, acompañando, de se lo caso, a documentación acreditativa dos méritos adicionais, podendo optar exclusivamente a unha área específica.

A participación na mobilidade interna supón a aceptación voluntaria da regulación contida nestas bases e na convocatoria.

5º.- Comisión de Mobilidade Interna

Constituirase unha Comisión de Mobilidade Interna, de carácter paritario, na que estarán representadas *todas* as organizacións sindicais que formen parte da comisión de centro.

No seu funcionamento, esta Comisión rexerese polo establecido no Título II, Capítulo II, da Lei 30/1992, de 26 de decembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común

A presidencia da comisión será desempeñada polo Director de Recursos Humanos e Relacións Laborais do Complexo ou persoa na que delegue.

As decisións adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes, e en caso de empate dirimirase polo voto de calidade do presidente.

A dita comisión terá entre as súas funcións:

- a) A interpretación dos termos da convocatoria de mobilidade e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que se puideran producir e que non estivesen especificamente contemplados na mesma
- b) A avaliación das instancias presentadas e a elaboración das propostas da resolución do proceso.

6º.- Avaliación da solicitudes e baremo de méritos

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria

As solicitudes serán avaliadas de conformidade co seguinte baremo:

I.- Experiencia profesional

A) antigüidade nas institucións sanitarias públicas será avaliada do seguinte xeito:

1. Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,60 puntos/mes
2. Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,30 puntos/mes

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse na praza básica ou de orixe ós exclusivos efectos dos procesos de mobilidade. Pola súa vez, no suposto de que o/a profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos

en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados de acordo co seu carácter temporal para a mobilidade interna na nova categoría

B) Permanencia na institución

Por cada mes completo de servizos prestados como persoal fixo no complexo hospitalario, na mesma categoría á que se opta, ata un máximo de tempo de cinco anos: 0,15 puntos/mes

C) Puntuación adicional para postos de área específica.

Para acceder aos postos de enfermeiro/a de área específica valorarase a experiencia no servizo ao que se opta acreditada nos 8 últimos anos anteriores á convocatoria coa seguinte puntuación adicional:

1. Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade no mesmo servizo ao que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,10 puntos/mes
2. Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal no mesmo servizo ao que se opta: 0,05 puntos/mes.

Os servizos prestados en promoción interna temporal na praza ou posto ao que se opta serán puntuados de acordo co seu carácter temporal.)

A efectos desta puntuación adicional só se tera en conta

II.- Formación Continuada e Docencia

A puntuación máxima conxunta polas epígrafes de formación continuada e docencia terá un máximo de 14,4 puntos.

A) Formación continuada.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

1. Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continua do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión

Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.

2. Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.
3. Cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continuada do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

- Por crédito: 0,30 puntos
- Por hora: 0,030 puntos

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren nel.

Nos supostos de que no documento acreditativo non conste nin horas nin crédito, ó curso asignaráselle o valor correspondente a unha hora.(0,030 puntos)

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta (diplomatura ou especialidade, formacións profesional, bacharelato superior, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente, segundo o caso)

Non se valorarán os cursos cunha antigüidade superior aos cinco anos, contados desde a data de formalización da convocatoria de mobilidade interna, agás a formación universitaria posgraduada (cursos de postgrao e master e os cursos oficiais de prevención de riscos –básico, intermedio e superior- á que non se lle aplicará a dita limitación.

Os cursos de prevención de riscos laborais e de informática valoraranse en todas as categorías.

Formación adicional:

Exclusivamente para os postos de área específica valorarase de forma adicional a formación relacionada coas funcións ou tarefas de cada área específica, nos cinco anos anteriores a convocatoria de mobilidade.

- Por crédito: 0,10 puntos
- Por hora; 0,010 puntos

B) Docencia:

Por impartir cursos dos tipos sinalados no apartado II.A), con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos ditos cursos, sempre que estes cumpran os requisitos citados:

- Por crédito: 0,60 puntos
- Por hora: 0,060 puntos

III. **Coñecemento da lingua galega**

- A) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 1,8 puntos
- B) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 3,60 puntos

Para os efectos da valoración desta epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipáranse ao curso de iniciación e os cursos de CELGA 4 equipáranse ao de perfeccionamento actuais, respectivamente.

A acreditación do curso de perfeccionamento de lingua galega excluír á valoración do curso de iniciación. En idéntica correspondencia, a presentación dos cursos do CELGA 4 excluír á puntuación dos cursos do CELGA 2.

Criterios de desempate:

Naqueles casos nos que se produza empate na puntuación total entre varias persoas aspirantes a unha mesma praza ou posto, deberase proceder do seguinte xeito:

- a) Outorgaráselle o destino solicitado á persoa que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados na propia institución sanitaria.
- b) No caso de persistir o empate, outorgaráselle o posto solicitado ao/ interesado/a que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na mesma categoría.
- c) De continuar persistindo e empate, este resolverase atendendo á data da toma de posesión da praza en propiedade na categoría á que se opta

- d) Se, con todo, persiste o empate, outorgaráselle preferencia ao profesional de maior idade.

7º.- Desenvolvemento e resolución do proceso de mobilidade

1. Logo da avaliación das instancias pola comisión de traslados internos, esta formulará á xerencia xeral unha proposta de resolución provisional, que incluír á as listaxes das persoas aspirantes admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación, así como as persoas excluídas indicando, neste caso, a causa da súa exclusión.

Con carácter previo á proposta de resolución provisional, a Comisión de Mobilidade outorgará un prazo de cinco días hábiles para que as persoas interesadas emenden os erros detectados nas súas solicitudes, de xeito que se poida evitar a súa exclusión por este motivo.

2. Recibida a proposta da resolución provisional pola xerencia xeral, será emitida e publicada a devandita resolución nos taboleiros de anuncios, abríndose un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante a xerencia xeral.

3. Unha vez rematado o período de reclamacións, a Comisión de Mobilidade pronunciarase sobre elas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será ditada e publicada pola xerencia xeral. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.

4. Logo do anterior, os aspirantes serán chamados por rigorosa orde de puntuación en cada categoría, para poder escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción. Unha vez efectuado este, os postos adxudicados serán irrenunciabes.

5. Rematada a fase de elección de destinos, a xerencia xeral publicará nos taboleiros de anuncios a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados

Contra a citada resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

8º.- Incorporación ós postos adxudicados

Co fin de evitar posibles trastornos nos distintos servizos do centro, a incorporación dos adxudicatarios aos seus destinos será realizada pola Dirección correspondente de xeito progresivo no tempo e nun prazo non superior ós seis meses desde a data da resolución definitiva. No entanto, a este persoal computaráselle para os efectos de antigüidade no servizo desde o día seguinte ao da data de publicación da resolución definitiva.

A incorporación ó novo posto será plenamente efectiva nas tarefas, responsabilidades carteleira de traballo e demais cuestións organizativas e profesionais.

Coa finalidade de facilitar a adaptación e o coñecemento das unidades nas que se obtivo o posto, a Dirección de Enfermería, previa solicitude do interesado, habilitará sesións prácticas e informativas que se realizarán fora da xornada laboral do traballador.

9º.- Perda do posto adxudicado no proceso de mobilidade interna

A praza ou posto adxudicado na convocatoria de mobilidade interna perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino noutra unidade do complexo hospitalario
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permanece na nova situación
- c) Por ser destinado en comisión de servizos fóra do centro onde obtivo o posto adxudicado, durante un período superior a seis meses
- d) Por reestruturación de postos na unidade
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á unidade e logo do informe emitido polo responsable da área correspondente. Neste suposto, logo de ser oída a persoa interesada e tras a pertinente reunión

da comisión de mobilidade interna, procederáse a revogar a súa adxudicación.

A inadaptación ó posto adxudicado en mobilidade poderá ser observada pola dirección correspondente, previo informe motivado do responsable da unidade.

Para a revogación do posto será necesario darlle trámite de audiencia ó interesado, informe previo da unidade de prevención de riscos laborais, e acordo da comisión de mobilidade interna.

Dada a condición irrenunciable dos postos obtidos no proceso de mobilidade, a revogación supón que o profesional revogado se lle asinará un posto con carácter provisional a tódolos efectos, non tendo dereito sobre o posto asignado nin sobre o posto de orixe. A ocupación da praza asignada considerarase como se fose ocupado por persoal temporal dos sinalados nos apartados a e b ós efectos de mobilidade forzosa previstos nas disposicións adicionais das presentes bases.

O profesional revogado terá a obriga de participar no seguinte proceso de mobilidade e o posto que ocupa considerase vacante, (salvo no suposto de estar afectado por dunha reserva) ós efectos da próxima oferta de mobilidade.

- f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria

10º.- Reserva de posto

Reservarase o posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente a tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, situación especial en activo ou promoción interna temporal, ou de servizos especiais)

11º.- Mobilidade por razón de saúde

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde, nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando a correspondente prazo ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde de 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Á persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da UPRL, adxudicáraselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte o procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razóns de protección de saúde regulado na orde do 16 de setembro de 2008.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Primeira. Criterios para establecer o orde de saída dos profesionais nos distintos servizos ou unidades afectados pola mobilidade interna voluntaria

Cando a adxudicación dos postos de traballo obtidos na convocatoria supoña a saída de persoal das diferentes unidades, está efectuarase na orde, e cos seguintes criterios:

- a) Voluntariedade.
- b) Contratados temporais fora de cadro asignados a esa unidade.
- c) Substitutos de titular en Comisión de Servizos fóra do Centro
- d) Propietarios en Comisión de Servizo en vacante.
- e) Nomeamentos Provisorios e Interinos en praza vacante
- f) Propietarios en promoción interna temporal
- g) Propietarios con posto de traballo provisional

En caso de empate, o persoal a trasladar decidírase tomando en conta:

- a) O menor número de días de prestación de servizos no Complexo.
- b) A menor idade

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Dado que o proceso de mobilidade convocado ó abeiro destas bases realizárase con anterioridade á incorporación dos profesionais participantes nos procesos selectivos e de mobilidade convocados polo Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de poder ofertar as prazas que queden vacantes con ocasión deses procesos e do propio proceso de mobilidade interna, acórdase realizar unha convocatoria de mobilidade extraordinaria no prazo dun ano a contar desde resolución da convocatoria do primeiro proceso que se realice de acordo con estas bases, ofertando as prazas vacantes nese momento e previo acordo da comisión de centro.

A resolución deste proceso extraordinario de mobilidade tentarase facer no prazo máximo de tres meses dende a súa convocatoria.

ANEXO.

De acordo co Pacto de contratación temporal vixente os postos que se someten a avaliación de puntuación adicional por entender que son de especial cualificación son:

Para a categoría de enfermería os seguintes servizos ou unidades:

UCI e Reanimación
Neonatos
Hemodiálise
Quirófanos
Urxencias
Hospital de día Onco- hematolóxico.
Banco de sangue-Hematoloxía

Para a categoría de técnico en coidados de enfermería os postos de saúde mental.